

O ANE ESCRIBIRON AS MULHERS

OLIMPIA DE GOUGES foi guillotínada polos seus compañeiros da Revolución Francesa por reclamar para as mulleres os mesmos dereitos que a Revolución consagraba para os homes. Busca nos libros de Historia do teu curso o papel que tiveron as mulleres durante a Rev. Francesa e a loita polos seus dereitos en igualdade cos homes. Coidas que está ben tratado este tema, ou pensas que se minimiza a discriminación das mulleres? A que se pode deber isto? Comenta a frase de Olimpia no seu contexto histórico, e escribe outras semellantes con reivindicacións actuais. Fai un mural con todas elas que comece coa seguinte frase da mesma autora: " *Excluíronnos de todo poder, de todo saber, pero esquecerónse de quitarnos a posibilidade de escribir.*"

... A muller ten dereito a ser levada ao cadalso e, do mesmo xeito, debe ter o dereito a subir á tribuna.

OLIMPIA DE GOUGES

# MARZO

Eu non desexo que as mulleres teñan poder sobre os homes, senón sobre elas mesmas.

Mary Wollstonecraft

L	M	Me	X	V	S	D
					1	2
					1692 Comeza o famoso xuízo ás bruxas de Salem	1816 Juana Azurduy de Padilla, heroína boliviana, derrotada ás tropas españolas
3	4	5	6	7	8	9
1880 Nace María Barbeito na Coruña, pedagoga, socióloga, educadora e escritora	1744 Nace Marianne Mtniez, cantante e virtuosa pianista. Acad. de Música de Bolonia	1703 Falece Gabrielle Suchon, filósofa francesa. "Tratado da moral e da política"	1994 Morre Melina Mercuri, actriz e política grega. Ministra de cultura en 1981	1920 Julieta Lanteri preséntase polo Partido Feminista Nacional na Argentina	<b>DÍA INTERNACIONAL DAS MULHERS</b>	1888 Nace Enriqueta García Infanzón, Eugenia Astur, escritora Asturiana
10	11	12	13	14	15	16
"A solidariedade debe unir a todas as mulleres, desde a señora até a obreira". Mª Vinyals	1881 Nace Gloria Turner. As súas obras figuran no Museo Español de Arte Contemporánea	1945 Morte de Ana Frank, asasinada polos nazis en Auschwitz	1900 As Cortes Españolas aproban lei que regula o traballo de mulleres e crianzas	1884 Nace Matilde de la Torre, elixida en 1933 e 1936 deputada polo P.S.	Nieves Gª Benito e outras persoas, loitan contra a morte no Estreito de Xibraltar	1940 Pasamento de Selma Lagerlöf, 1ª muller Premio Nobel de Literatura
17	18	19	20	21	22	23
1956 Morre Irene Joliot-Curie. Premio Nobel de Química.	1996 Morre Nini Marshall, actriz cómica argentina	1954 C. Eufemia, loitou polos dereitos das mulleres e dos Sen Terra do Brasil	1981 Vén de publicarse A SAIA revista do Colectivo Independente Galego	1982 Encadéanse 150 mulleres na base aérea inglesa de Greenham Common	1995 O MEC diferencia o uso de masculino e feminino nos títulos oficiais	1882 Nace Emmy Noether. Matemática. Teoría de Aneis. Teorema de Noether.
24	25	26	27	28	29	30
1908 Emmeline Pankhurst, sufragista británica, esixe o dereito ao voto feminino	1942 Nace Aretha Franklin, cantante	1930 Nace Sandra Day O'Connor, 1ª muller xuíza na Corte Suprema estadounidense	1995 Falece Ana Mariscal, actriz e directora española de cinema	1515 Nace en Ávila Teresa de Xesus, mística e escritora. Reformou a Orde do Carmelo	Neste e noutros días, Victoria Sau enriquece o pensamento e a solidariedade feministas	1900 Nace María Moliner, lingüista do Dicionario da L. Española que leva o seu nome
31						
1908 Nace María Dolores Pérez Enríco, maestra, escritora e xornalista exiliada						

